

Procurar...

INICIO SOBRE ALTERMUNDO LISTA DE CORREO DOAZÓNS CONTACTO ALTERMUNDO EN PAPEL CONSELLO EDITORIAL

Vannakam 2009

## Vannakam 2009

ESCRITO POR IMPLICADAS  
MARTES, 01 SETEMBRO 2009 17:00



Quitéria Mejuto e Tatiana Conde-. Dúas participantes do ciclo formativo que Implicadas no Desenvolvemento organiza na India fan crónica do vivido e do aprendido.

O 15 de agosto é a Independencia da India e, paradoxalmente despois de 15 días gozando, soñando, coñecendo o país e as súas xentes tivemos que despedirnos, iso si cun *Poyitu varen* -a despedida tamil: "marcha, pero volve"- alto e claro, pois se en algo coincidimos todas é en que volveremos.

Vanakkam é un saúdo tamil que, dende 2006 representa na Galiza o ciclo formativo que Implicadas/os No Desenvolvemento organiza cada verán. Este ano brindounos a nove persoas a oportunidade de vivir unha das experiencias máis enriquecedoras das nosas vidas.

Aínda que escoitamos falar moitas veces da India, resultáanos case imposible describir as sensacións e sentimentos que alí afloraron, por moito que tentamos meter todo na maleta en forma de fotos, saris, cunchas? Os arrecendos, sabores, o calor e certas imaxes quedaron gravadas en nós con tal intensidade que hoxe, xa na terra, case conseguimos ulir o xasmin que as mulleres levan no pelo, saborear as froitas tropicais, sentir o calor abafante e mesmo oír o balbordo da rúa: autos (rickshaws motorizados), motos, coches, camións? e todos pegando bucinazos sen descanso!

Durante estas dúas semanas visitamos cidades dos estados de Tamil Nadu e Pondicherry: Karaikal, Tiruchy, Salem, Yercaud, Thanjavur, Chennai...

En todos estes lugares, tivemos a oportunidade de coñecer ao persoal de PDI (a contraparte de Implicadas na India), voluntarios e voluntarias, comunidade beneficiaria? Dunha parte encargáronse de explicarnos en que consiste e como fan o seu traballo, moito e duro, pero gratificante; doutra relatában con entusiasmo e optimismo como mellorara a súa situación dende que forman parte do proxecto, dos grupos de aforro? Sorprendíanos como, a diferenza desta nosa sociedade anestesiada, lle daban moita máis importancia ao sentimento de comunidade, a sentirse máis seguras delas mesmas, que á simple mellora da súa situación económica. Temos tanto que aprender delas!

Visitamos escolas de apoio e de transición onde coñecemos a moitas nenas e nenos e as súas historias, contadas cun enorme sorriso e con ese ollar que xa non poderemos esquecer. Fomos testemuñas dos futuros plans e soños, daquel neno pillabán que ía para policía, da nena tímida que quería ser doutora polas súas ansias de axudar aos demais...

Tivemos que escoitar tamén historias que comezaron sendo difíciles, de nenos e nenas que dende cativiños e cativiñas traballaban moi duro e que hoxe na escola miran o futuro con esperanza. Se algo nos chamou a atención desa xente que tan ben nos recibiu e que tanto agarimo nos deu foi a súa forza, as ganas de seguir cara adiante e mellorar. Mesmo daqueles e daquelas que unha onda xigante lles arrebatou dos brazos todo o que tiñan, o que máis querían: fillos e fillas, nais, pais, amigas e amigos? Con todo iso ás costas, sorrían e agradecían a nosa visita. Namentres, nós tentando superar a barreira do idioma a través de olladas e xestos, repetíamos que agradecidas estamos nós pola oportunidade de coñecer as súas historias, as súas vidas. A elas.

Esta viaxe non se pode condensar: demasiadas vivencias, demasiados sentimentos... Houbo sorrisos, bágoas, historias alegres e tristes, todas elas cunha persoa forte e moi valente detrás; un baño no Índico que provocou sentimentos encontrados, a beizón dun elefante, o mergullar nos ritos dos templos, unha visión clara dos roles de xénero que melloran, mais lentamente...

E se houbo algo que non deixou indiferente a ninguén, foron as visitas aos proxectos: "O corredor de desenvolvemento", que pretende crear unha zona libre de pobreza, mellorando o nivel económico-social da poboación partindo da superación da discriminación de xénero. En Salem visitamos o "Proxecto contra o infanticidio feminino", onde coñecemos o traballo de base en desenvolvemento e sensibilización e as historias das beneficiarias de primeira man. Abraia a contundencia e tranquilidade coa que nos contan as súas vivencias; todas con finais distintos, pero todas moi orgullosas das súas decisións, todas con perspectiva de futuro, con forza e optimismo. Vimos o empoderamento das mulleres!

Xuntámonos con voluntarios e voluntarias de xénero e sanitarios e sanitarias que traballan para o benestar da comunidade, tentando mellorar hábitos de hixiene, de alimentación...

Coñecemos a integrantes de clubs de mocidade, que manteñen limpo o suburbio ou a aldea, organizan actos e dan clases de



### Categorías

Seleccionar unha categoría

### TAGS

Foro Social Galego bancos FSM 2011  
autoxestión petróleo dereitos humanos  
globalización **ecoloxía**  
social <sup>israel</sup>  
**neoliberalismo**  
OMC Palestina Galiza revolución medios  
Banco Mundial nacionalismo **foros**  
**sociais** soberanía alimentar crise  
sistémica Xapón Unión Europea rebelión  
alternativas galegas guerra Portugal  
activismo democracia débeda suplemento  
altermundo transxénicos Estados Unidos  
imperialismo 15M FMI política Gaza FSM  
2009 axustamento estrutural COP15  
**Foro Social Mundial** crise  
económica enerxía nuclear  
decremento altermundismo auga  
esquerda **mudanza climática** Libia  
privatizacións



Beneficiarias do proxecto de erradicación do infanticidio feminino



No xardín botánico de Yercaud. O grupo nun intre de lecer

apoio, para que os cativos e cativas teñan as mesmas oportunidades que eles e elas.

En Karaikal recibíunos o único Grupo de Aforro de persoas con discapacidade da zona, compartiron con nós as súas experiencias e dificultades, coas que loitan cada día, logrando cousas como chegar a ter o título de mestre sendo cego e sen posibilidade de conseguir libros en *braille*...

Despois de todas estas visitas, dos intres compartidos, de 15 días vivindo nunha realidade tan diferente á nosa, o que máis nos impresionou foi o labor de todas estas mulleres. O que nos fai relativizar a situación en Galiza, onde no traballo comunitario, con moitos máis recursos se conseguen moitas menos cousas. Aínda queda moito por facer, pero ver como avanza, como loitan, fai que as ganas de seguir a traballar dende Galiza sexan cada día máis. Hoxe, todas nos reafirmamos na nosa loita con ilusión, porque vimos que o noso traballo ten repercusión alá, porque todo o que coñeciamos de oídas ten forma, cara, ollar, nome e sobre todo, voz. Nós coñecémola.

O Vanakkam 2009 foi unha experiencia colectiva e ao mesmo tempo individual, cada quen se enchoupou da India e do traballo dun xeito diferente pero compartido. Quizais iso foi o que o fixo tan especial.

As verbas tamiles *vanakkam*, *nanri*, *siri*... xa non son descoñecidas para nós; os nomes e os rostros das persoas que a cotío fan posible o traballo de PDI e Implicadas, Sahajaraj, Ambalavannan, Bobby, Shiva, Satish, Lourde Marie, Charles Mary, Vanitha Deby, Gayalakshmi, Caroline?, son agora tan familiares como os das rapazas do "equipo Vanakkam", Blanca, Alba R., Sara, María C., Alba C., María F., Ania, Kitty e Tatiana. Todas, todos e cadaquén formamos hoxe a mesma unidade, un proxecto común.



## Deixa un comentario




This visual editor brought to you by [fckeditor for wordpress plugin](#)

[PENSAMENTOS](#)
[POLO MIÚDO \(REPORTAXES\)](#)
[QUE É O QUE DI...](#)
[MOVEMENTOS / ALTERNATIVAS](#)
[GALIZA](#)
[EIVAS](#)
[ECOLOXÍA SOCIAL](#)